



Novo Toyota C-HR Plug-In




VAYPERautomoción

Cruceiro da Coruña, 203 • Santiago
Vía Pasteur, 46 - 48 • Polígono do Tambre • Santiago
Tel. 981 93 73 49 • www.vayperautomocion.com

Mecánica en xeral: taller | chapa | pintura | electricidade | ITV | pneumáticos | aire acondicionado
cambio de aceite | vehículos de ocasión | reparación de vehículos de flota

Hemos venido
a jugar




Nuevo T-Cross
Llévatelo a casa
Con My Way

La Vida son experiencias, llénala de color

Yáñez

Coruña - Santiago - Ferrol
981 980 970
www.yanez.es

SUMARIO

NOVAS

5



PROBA » 22
ZONTES 125 C



NOVAS » 5
5, 6 7, 8, 10, 12, 13, 14

+

- 5 NOVO HYUNDAI SANTA FE STELATO S9
- 6 SEAT ATECA FR SPECIAL EDITION
NOVO FIAT 600 HYBRID
NOVA XERACIÓN DE SUPERB SKODA
- 7 NOVOS AUDI A5
NOVO KIA PICANTO
- 8 SILENCE S04
PREZOS ALPINE A290
- 10 O NOVO VW TIGUAN LIVAN X3 PRO, NOVO SUV COMPACTO
- 12 RÉCORD DE VENDAS DO OMODA 5
MOVANO: NOVOS ESTÁNDARES PARA A FROTA COMERCIAL
- 13 DACIA SPRING, MÁIS DESEÑO
- 14 VANGARDA TECNOLÓXICA, AUDI Q6 E-TRON



PROBA » 16
NOVO TOYOTA C-HR PLUG-IN

SECCIÓN

MOTOS	4
PROBA	16
LE CER	20
RETROVISOR	26
COMPETICIÓN	30



LE CER » 28
FURGONETAS CAMPERIZADAS EN AUXE



RETROVISOR » 26
CITROËN C4 E ALFA ROMEO BAT 7

VENTA ONLINE

HCV
Hijos de C. V. Otero, S. L.

Gómez Ulla 16, 15702
Santiago de Compostela (España)
Tfn.: +34 981 56 17 40
agencia@hcvotero.es
www.hcvotero.es

Contigo desde 1887



BARREDORA MANUAL KÄRCHER S 6 TWIN



ASPIRADOR EN SECO Y HUMEDO KÄRCHER WD 6 PS



HIDROLIMPIADORA ALTA PRESIÓN HD 5/15 C

KÄRCHER

Vantaxes do transporte público en bus nas urbes

Na actualidade, as cidades enfrontan retos moi importantes en canto a mobilidade, contaminación e calidade de vida. Un dos piares fundamentais para abordar estes desafíos é o transporte público, e en particular, o autobús urbano. Os beneficios dun sistema de transporte público eficiente, accesible e ben xestionado son innumerables, tanto para os cidadáns como para a contorna urbana e o medio natural.

Unha das vantaxes máis evidentes do transporte público en autobús é a redución do tráfico. Nunha cidade onde predomina o uso de vehículos privados, as rúas satúranse rapidamente, creando embotellamentos que xeran tensións, perda de tempo e aumento do consumo de combustible. Os autobuses, ao ser capaces de transportar a decenas de persoas nunha soa viaxe, diminúen significativamente o número de coches en circulación, co que se mellora a fluidez do tráfico e se deixa máis espazo libre para aparcar.

Por outra banda, menos automóviles na estrada significa menos emisións de gases contaminantes. A maioría das grandes urbes enfrontan problemas de calidade do aire que afecta seriamente a saúde pública. Os autobuses modernos, especialmente aqueles que funcionan con combustibles alternativos como o gas natural comprimido (GNC) ou a electricidade emiten moitos menos contaminantes que os vehículos privados con motores de combustión; no caso dos eléctricos cero emisións. Un sistema de buses eficiente pode ser unha ferramenta poderosa, e necesaria, na loita contra o cambio climático e a contaminación do aire.

O transporte público en autobús tamén é unha cuestión de equidade. Non todas as familias poden permitirse o luxo de ter un coche e moito menos dous. Para moitas persoas, o autobús é a única forma factíbel de desprazarse pola cidade. Un sistema de transporte público accesíbel garante que todos os habitantes, independentemente do seu nivel económico, teñan acceso á mobilidade pola cidade e a súa contorna.

Os autobuses tamén son esenciais para as persoas con discapacidades. A maioría dos buses urbanos modernos están equipados con ramplas e

asentos reservados, o que facilita o acceso e a comodidade das persoas con mobilidade reducida. Este aspecto de inclusión é crucial para construír cidades máis xustas e equitativas.

Outra vantaxe destes vehículos é que se poden adaptar rapidamente aos cambios na demanda de transporte. Se unha nova zona da cidade comeza a desenvolverse, as rutas de autobuses poden axustarse para servir mellor a esa área, algo que non é tan doado de facer con outro tipo de transporte público, como pode ser o metro.

Para os cidadáns, o uso do bus tamén pode ser máis económico que o mantemento dun vehículo privado. Os custos asociados coa propiedade dun automóbil, incluída a gasolina, seguros, ITV, estacionamento e mantemento, son substanciais. En contraste, os billetes de autobús son xeralmente accesibles e poden estar subsidiados para certos grupos da poboación, como estudantes, discapacitados, xente nova, persoas maiores ou con baixos ingresos.

O transporte público non só ten vantaxes prácticas e económicas, senón tamén sociais. Os buses fomentan un sentido de comunidade. Nun autobús, as persoas interactúan, comparten espazos e experimentan xuntos a vida urbana. Isto pode axudar a romper barreiras sociais e culturais, fomentando unha maior cohesión social. Ademais, un sistema de transporte público ben utilizado pode revitalizar áreas urbanas, impulsando o comercio local e facendo que as rúas sexan máis seguras e animadas.

En resumo, o transporte público en bus ofrece innumerables vantaxes para as cidades. Reduce o tráfico e a contaminación, mellora a accesibilidade e a equidade, é económico e eficiente, e fomenta a vida comunitaria. Investir nun sistema de autobuses forte e ben xestionado debería ser unha prioridade para calquera Administración municipal que busque mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns e a sustentabilidade da súa contorna. As cidades do futuro necesitan solucións de transporte intelixentes, cómodas e sostibles, e os autobuses son unha peza clave neste crebacabezas.



Editor:

Arrincamos, S.L.

Director:

Xurxo Sobrino Morán

Redactores

e Colaboradores:

Miguel Cumbrados, Sevi Martínez, Antón Pereira, Xabier Vilariño, Xose Arufe, Luis Penido, Luís Rivero de Aguilar, Uxía Queiruga, Nacho Carballeira, Daniel G. Palau

Deseño e maquetación:

Juan Feáns

www.juanfeans.com

SPRINT MOTOR:

SPRINT MOTOR

Avda. da Liberdade, nº16, 4ªA
15706 - Santiago de Compostela
Tfno.: 669 277 050
redaccion@sprintmotor.com
www.sprintmotor.com

IMPRIME:

Tórculo Comunicación Gráfica

Depósito Legal: C-138/97

Especialistas en coches de ocasión



COMPOSCAR
Nos importa tu tiempo!



Rúa María de los Ángeles de la Gandara, nº24 Pol. de Boisaca - 15890 Santiago - Tel.: 881 956 626

SYM Jet Evo 125 ABS

A familia Jet é un pilar fundamental na gama SYM. A Jet Evo 125 ABS ten un motor monocilíndrico (normativa Euro 5) de 125cc con 4 válvulas e refrixeración líquida que ofrece 12,6cv.

En canto á parte ciclo, está equipado cun sistema de freos ABS de dobre canle, con discos lobulados de 260 mm na roda dianteira e 220 na traseira e rodas de 14". Destaca polo sistema antielección Anti-Lift Engine Hanger

System, unha tecnoloxía deseñada para previr o levantamento da parte traseira durante a aceleración.

Está dispoñible en catro cores (negro, branco, gris escuro e azul escuro) cunha oferta de lanzamento de 2.999 €.



SRK-125-R

QJ Motor completa a súa gama no segmento de 125cc coa chegada da nova SRK 125R, pensada para os usuarios máis racing que queiran iniciarse no segmento cun produto de prestacións excelentes. Durante os últimos anos, o mercado de 125cc segue gañando novos usuarios: por unha banda están os máis novos, a partir de 16 anos con carné A1 e, por outro, tamén os condutores de coche con carné B, de calquera idade e con máis de 3 anos de experiencia.

O propulsor da SRK 125R é un potente motor monocilíndrico SOHC de 4 válvulas

con refrixeración líquida e inxección electrónica, capaz de desenvolver 15 CV (11 kW) de potencia (a máxima da súa categoría) e 12,1 Nm de par. Esta combinación garante unha resposta instantánea e unhas destacables prestacións tanto para percorridos urbanos como en escapadas por estradas de curvas.

A SRK 125R xa está dispoñible nos concesionarios oficiais de QJ Motor en vermello e negro cunha atractiva promoción de lanzamento que inclúe: PVP de 3.799 €, un ano de seguro gratuito e 6 anos de garantía oficial.



Kove 800X Pro

As marcas de motos europeas e xaponesas teñen un verdadeiro problema coas motos chinesas. Como a Kove 800X Pro, que

incorpora un motor bicilíndrico en paralelo DOHC de 8 válvulas de 799cc e refrixeración líquida; rende 94,5 cabalos. Esta moto chega aos

O Regulamento de Vehículos Históricos máis preto

A túa moto con máis de 30 anos será histórica cun sinxelo trámite. A Subdirección Xeral de Normativa informou á RFME que, tras analizar o ditame do Consello de Estado, incorporáronse modificacións ao proxecto do Regulamento de Vehículos Históricos. Este proxecto foi enviado ao Ministerio do Interior e só está pendente de aprobación polo Consello de Ministros e posterior publicación no BOE. Coa publicación do

Regulamento, as motos clásicas matriculadas coa súa ITV ao día poderán clasificarse como históricas pagando unha pequena taxa. O mesmo aplicará para os coches. As motocicletas e ciclomotores non matriculados seguirán un procedemento simplificado. A ITV das motos históricas será cada 4 anos e eliminarase a obrigatoriedade para as fabricadas antes de 1950 e para os ciclomotores históricos.



Macbor Rockster 410: unha custom para carné A2

A Rockster 410 equipa un motor bicilíndrico de 401cc con refrixeración líquida, capaz de desenvolver 42cv. Un motor de nova xeración que garante unhas prestacións realmente divertidas.

A Rockster 410 ten un prezo de 4.999 € que, ata o 30 de setembro, incluírá o seguro gratis a terceiros durante o primeiro ano. Dispoñible en catro cores: negro mate, verde, gris e vermello.



concesionarios cun completo equipamento e a posibilidade de escoller entre dúas cores, verde ou gris. Prezo: 9.899 €.





Novo Hyundai Santa Fe



O novo Santa Fe na súa 5ª xeración aposta por un tamaño algo superior e un deseño en formato SUV rompedor polas súas formas rectangulares. Agora é un pouco máis grande por fóra respecto ao seu antecesor, pero moito máis grande por dentro. Polo momento non hai un eléctrico, pero si que se ofrece en híbrido ou híbrido enchufable: HEV ou PHEV. En ámbolos casos o fabricante recorre ao motor de 1,6 litros de inxección directa de gasolina, no caso do híbrido cunha potencia de 215cv resultado de sumar os 160cv que produce o motor de gasolina turbo-comprimido e a potencia do motor eléctrico, de 47,7 kW

cunha batería de 1,49 kWh de capacidade.

Co mesmo motor de gasolina, pero esta vez asociado a un eléctrico de 72 kW de potencia e unha batería de 13,8 kWh de capacidade, a potencia é de 253cv, e neste caso cunha autonomía en modo eléctrico de 54 km. O prezo vai dende os 57.020 € do HEV 215cv 6AT 4x4 Maxx ata os 67.760 do PHEV 253cv 6AT 4x4 Calligraphy. O prezo é mellorable grazas a que a marca engade un desconto promocional de campaña que resta 2.000 € no caso dos híbridos e de 1.000 nos híbridos enchufables, outros 1.400 € se se financia con Hyundai e ata 1.300 adicionais se incluímos o plan renove/moves.

Stelato S9



Huawei e o fabricante chinés de coches BAIC anunciaron o lanzamento do Stelato S9. Con dous niveis de acabado, este coche ten un prezo de arranque de 50.200 €. Este mes, o Stelato S9 comezou a comercializarse en varias versións: monomotor e bimotores, con potencias de 227 kW e 385 kW, respectivamente. A variante bimotores

pode alcanzar os 100 km/h en menos de 4", grazas á súa potente batería de 100 kWh.

O Stelato S9 promete unha autonomía de ata 816 km para a versión monomotor e 721 para a bimotores. Ademais, está montado sobre unha arquitectura de 800 volts, permitindo recargar ata 200 km de autonomía en tan só 5 minutos.



Lucid refórzase financeiramente



O fondo soberano de Arabia Saudita inxectou 1.400 millóns de euros no fabricante estadounidense de vehículos eléctricos Lucid Group para acelerar a produción dos seus novos modelos e aumentar a fabricación dos coches que xa ten no mercado. Con esta inxección, o fondo soberano xa posúe unha participación do 60% de Lucid.

Este acordo chega apenas uns meses antes de que o grupo arranque a produción

planificada do SUV Gravity antes de que termine o ano. Por outra banda, Lucid asegúrase así o financiamento das súas operacións, polo menos, ata o cuarto trimestre do vindeiro ano.

Lucid adiantou que utilizará os fondos para a produción do seu novo vehículo eléctrico e para a construción dunha nova factoría en Arabia Saudita, cunha capacidade de fabricación dunhas 150.000 unidades anuais.



Range Rover Sport SV Edition Two



Este modelo ofrece un espectacular deseño exterior con catro novos acabados: Blue Nebula Matte, Ligurian Black Gloss, Marl Grey Gloss e Sunrise Copper Satin. Cada un combina unha exclusiva paleta cromática exterior con novos acabados en fibra de carbono e asentos SV Performance en varias cores que permiten aos clientes elixir entre tecidos innovadores

ou pel Windsor. Ademais, este Range Rover incorpora unha exclusiva marca no splitter dianteiro, a consola central, os estribos e as luces de orientación para remarcar o luxo deportivo.

Exclusivamente equipado cun motor de gasolina V8 biturbo MHEV de 4,4 litros con 635cv. Pode pasar de 0 a 100 km/h en tan só 3,6" e pode chegar aos 290 km/h.



Seat Ateca FR Special Edition



O Ateca FR Special Edition agora inclúe o motor 1.0 TSI de 115cv, mantendo o seu deseño deportivo e a tecnoloxía máis avanzada en confort, seguridade e conectividade. Dende 31.100 € e cunha garantía opcional de ata 10 anos, esta versión incorpora equipamentos como asistente de aparcamento automático, cámara de visión 360º ou sistema de apertura sen chave.

O modelo distínguese polo seu comportamento dinámico, apoiado polo chasis FR e elementos como o selector de modos de condución e as lamias de aliaxe de 18 polgadas. O acabado FR Special Edition

aporta o deseño deportivo propio dos FR da marca, e o destacado comportamento dinámico que dá a posta a punto do seu chasis, o que o sitúa como a referencia entre os SUV compactos. O acabado da Special Edition do Ateca, tamén inclúe de serie un paquete de equipamento moi alto, coa tecnoloxía máis avanzada en canto a comodidade, deportividade, seguridade e conectividade. Por último, cómpre destacar que o vehículo incorpora de serie, entre outras cousas: o asistente de carril, o asistente dianteiro de urxencia automática, o asistente de faros automáticos (luz de cruce/estrada), o recoñecemento de

sinais de tráfico e a detección de punto cego.



Novo Fiat 600 Hybrid



O novo Fiat 600 adianta un paso a transición ecolóxica da marca italiana, achegando competitividade á electrificación da compañía. Con dous motores no catálogo, ofrece o mellor do mundo da gasolina e o silencio e a ausencia de vibracións que caracterizan a mobilidade eléctrica. Combinando un motor de gasolina de 1.2 litros cunha batería de ións de litio de 48 volts, e dispoñible en versións de 100cv e 136cv, o este italiano reduce o consumo e as emisións de CO2 nun 15% respecto a motores de gasolina similares, permitindo a

condución eléctrica en manobras e atascos. Ademais de achegar a etiqueta "Eco" da DXT; o motor eléctrico proporciona potencia extra cando é necesario, mellorando a elasticidade a baixas revolucións. Isto se traduce en aceleracións e arrinques máis áxiles, con saídas silenciosas e transicións rápidas. Ademais o seu interior ofrece unha experiencia envolvente con cromoterapia e asentos con función de masaxe. Cun prezo dende 21.700 €, o Fiat 600 Hybrid destaca pola súa polivalencia e sustentabilidade, incorporando materiais reciclados e bioplásticos no seu deseño.



Nova xeración de Superb Skoda



Skoda presentou en a nova xeración do seu buque insignia, o Superb, dispoñible en versións berlina (Limo) e familiar (Combi), con acabados Selection e Laurin & Klement. Destacan un motor TSI m-HEV de 150cv e un híbrido enchufable que ofrece ata 133km de autonomía en modo eléctrico. Cun maleteiro de 645 litros (Limo) e 690 litros (Combi), o Superb caracterízase polo seu deseño elegante e aerodinámico, cun coeficiente de

arrastre de 0,23 Cx para a berlina e de 0,25 Cx para o Combi.

A gama de motores inclúe opcións dende os 150cv ata os 265cv, mantendo a eficiencia cunha aerodinámica mellorada nun 15%. Esta nova xeración incorpora ademais tecnoloxías avanzadas e un deseño exterior modernizado con faros Matrix LED e detalles Unique Dark Chrome.

Os prezos comezan en 38.250 € para a Superb Limo con acabado Selection e motor 1.5 TSI de 150cv m-HEV.





Novos Audi A5



Os Audi A5 redefinen a deportividade *premium* tradicional, dándolle unha volta nos tempos da electrificación, cun deseño elegante e unha arquitectura electrónica avanzada. Dispoñible en versións A5 e S5, tanto en Sedan como Avant, estes modelos introducen motores de combustión parcialmente electrificados con tecnoloxía MHEV plus. Con maiores dimensións e equipamento mellorado, o A5 inclúe pantallas dixitais e unha experiencia de usuario mellorada.

Os motores da familia A5 cobren unha ampla gama:

dende o modelo de acceso, ata o comfortable vehículo para percorrer longas distancias, pasando polo deportivo dinámico.

O motor de acceso é un 2.0 TFSI (150cv). Unha segunda variante do 2.0 TFSI rende 204cv. Este motor TFSI está equipado cun turbocompresor con turbina de xeometría variable (VTG) e funciona cun proceso de combustión modificado que resulta especialmente eficiente en termos de consumo de combustible con carga parcial. A tecnoloxía VTG permite un aumento rápido e constante do par motor mesmo a réximes baixos. O catro

cilindros turbo está dispoñible cunha caixa de cambios de dobre embrague. Ámbalas versións ofrécense unicamente con tracción dianteira.

O 2.0 TDI (204cv) establece novos estándares no A5 grazas á tecnoloxía MHEV plus. Está dispoñible con caixa de cambios de dobre embrague e tracción dianteira ou con tracción quattro ultra. O propulsor está parcialmente electrificado mediante o novo sistema MHEV plus de 48 volts. Os compoñentes electrificados da cadea cinemática reducen

as emisións de CO2 grazas ao seu alto rendemento de recuperación. O confort do TDI vese reforzado polo xerador de 48 volts que proporciona un arrinque suave do motor.

A versión deportiva S5 utiliza un V6 3.0 TFSI con 367cv que funciona cun proceso de combustión optimizado. Ten un turbocompresor de xeometría variable (VTG) e tecnoloxía MHEV plus. A revisada transmisión S tronic de dobre embrague do S5 tamén reduce o peso no eixo dianteiro e mellora a axilidade.

Novo Kia Picanto



O Picanto, caracterizado por ser un dos modelos máis vendidos de Kia en varias rexións do mundo, segue sendo un dos favoritos entre os condutores europeos do segmento A, os que valoran as viaxes curtas e o acceso a un espazo de aparcamento limitado. Baixo estas estruturas o novo Picanto aspira a consolidar o seu mercado e evolución. Baseado na filosofía "Opposites United", a nova actualización, presenta un deseño innovador e atrevido, especialmente na súa

versión GT-line, que combina a máxima elegancia coa tecnoloxía máis avanzada.

Ofrecerese con dous motores de gasolina de 1,0 ou 1,2 litros de cilindrada. O 1,0 é unha boa opción para os clientes que valoran a eficiencia por encima de todo, mentres que o motor 1,2 é preferible para aqueles que precisan máis potencia. Ambas opcións maximizan a eficiencia e reducen as emisións de CO2. Deseñado para o segmento máis xove e urbano, o Picanto ofrece ata 1.010 litros de capacidade e

sistemas de asistencia para facilitar a conducción en cidades. Conta de serie cunha garantía de 7 anos ou 150.000 km.



Un verán cheo de agasallos con **Compostela Monumental**

Se fas as túas compras durante os meses de xullo e agosto na zona histórica de Santiago, pide o teu boleto por cada compra nos establecementos asociados ao CCA Compostela Monumental e poderás gañar centos de agasallos. Ademais, por cada compra de un importe superior a 15 €, terás aparcamento gratuito no Parking de Galeras La Catedral.

Presente patrocinado por:

XUNTA DE GALICIA Compostela Monumental Deputación DA CORUÑA HONOFF P cocafri

Silence S04

→ Acciona presentou o Silence S04, un vehículo urbano 100% eléctrico, pensado para a vida na cidade. O S04 ten unha lonxitude de 2,28 metros, un ancho de 1,26 metros e unha altura de 1,57 metros. O S04 é compacto pero ofrece un gran confort e unha capacidade de carga de 247 litros. O modelo L7e ten unha autonomía de 149 km e pode alcanzar unha velocidade de 85 km/h, mentres que a versión L6e, cunha autonomía de 175 km, está limitada a 45 km/h.

Ámbolos modelos ofrecen conectividade a través da

aplicación My Silence, que permite funcións sen chave para compartir con amigos, así como a autonomía e o seguimento do estado da batería. Equipado con dúas baterías de ións de litio extraíbles de 11,2 kWh, pódese recargar en calquera toma doméstica ou intercambiarse nas 120 estacións de batería dispoñibles no noso país. Cuns prezos a partir dos 9.870 € en modalidade de subscripción, o Silence S04 é unha opción accesible e sostible para a mobilidade urbana, compatible coas axudas do Plan Moves III e as deducións fiscais.



Prezos Alpine A290

→ Alpine presentou o seu novo coche eléctrico, o A290, dispoñible en catro versións con características únicas. O modelo base, o A290 GT, conta cun motor de 180cv e unha batería de 52 kWh, pneumáticos Michelin Sport EV, rodas de 19 polgadas e un avanzado sistema multimedia. O A290 GT Premium tamén ten 180cv, pero engade tapizaría

de coiro Napa e un sistema de audio Devialet. Para os que buscan máis potencia, o A290 GT Performance ofrece 220cv, acelerando de 0 a 100 km/h en 6,4", con pneumáticos Michelin Pilot Sport 5 e freos Brembo. O tope de gama, o A290 GTS, combina o motor de 220cv con luxo e tecnoloxía, incluíndo rodas negras Snowflake e o sistema Alpine Telemetrics.

VERSIÓN	PREZOS RECOMENDADOS
A290 GT	38.700 €
A290 GT Performance	41.900 €
A290 GT Premium	41.900 €
A290 GTS	44.700 €
A290 GTS Première Édition	46.200 €



Nova gama Macan 100% eléctrica

→ Porsche ampliou a gama do seu SUV totalmente eléctrico Macan, introducindo novas variantes que destacan pola súa eficiencia e potencia. O Macan de tracción traseira é agora a versión de entrada, que ofrece unha autonomía combinada

de ata 641 quilómetros (WLTP). O modelo alcanza os 100 km/h en 5,7 segundos e unha velocidade máxima de 220 km/h, sendo 110 quilogramos máis lixeiro que o Macan 4, o que mellora a súa eficiencia enerxética. O Macan 4S, pola súa banda, sitúase entre o Macan

4 e o Macan Turbo, ofrecendo ata 516 cv con *overboost* e unha autonomía de ata 606 km. Cun sistema PASM de serie e outras tecnoloxías avanzadas, este modelo acelera de 0 a 100 km/h en 4,1 segundos e alcanza unha velocidade de 240 km/h. Ambas versións

presentan un deseño moderno e aerodinámico, con capacidade de carga rápida e unha nova opción de deseño *off-road*, que mellora a versatilidade e o uso diario do Macan. Os prezos van dende os 82.310 € para o Macan e dende 92.509 € para o Macan 4S.



TALLERES SPRINT



ANTONIO BALIÑAS, S.L.

ventas@balinas.com
T: 98188 16 69

A Barquiña s/n
15830 Negreira

www.balinas.es



Bosch Car Service

Talleres Bastón

- Reparación de Cambios automáticos
- Adaptación de vehículos para discapacitados
- Mecánica de mantenimiento
- Electricidad
- Encendido
- Carrocería
- Frenos, ABS, ESP
- Mecánica motot

Salvadas, 23
15705 SANTIAGO
(A Coruña)

Tel.: 981 58 56 27

t. baston@bosch-bcs.com
baston@adgruporegueira.es



*Cuidamos de tu vehículo,
cuidamos de ti ...*



**Tu taller de servicio rápido
y mecánica en Compostela**

981 549 531

Rúa de San Cristovo, 47 (O Eixo) Santiago de Compostela



talleres pontevea

- Servicio rápido
- Mecánica
- Diagnose

- Pneumáticos
- Chapa e pintura
- Accesorios



Gran variedad de turismos e comerciais de OCASIÓN. Visítanos!!

Lugar Igrexa de Reis, 2 - 15883 Reis - Teo (A Coruña) • 981 809 053 / 650 196 956 • tallerespontevea@gmail.com • www.tallerespontevea.com



O novo VW Tiguan



O Tiguan de terceira xeración relánzase cunha nova frota de vehículos, coa vontade de chegar a todas as particularidades do mercado. Este SUV compacto, xa é un éxito mundial con máis de 7,6 millóns de unidades vendidas, é agora máis robusto e maior na súa nova versión, cunha ampla gama de motores: híbridos enchufables (204 e 272cv), híbridos lixeiros (130 e 150cv), gasolina e diésel. Os híbridos enchufables ofrecen ata 100 km de autonomía eléctrica, mentres que os híbridos suaves de 48 volts melloran a eficiencia enerxética. Os motores de gasolina e diésel de 2.0 litros TSI e TDI teñen opcións de tracción dianteira e integral, cunha potencia de ata 265cv en gasolina e 193cv en diésel.

No conxunto da frota existen catro niveis de acabado:



Tiguan, Life, Elegance e R-Line, todos eles cun equipamento destacado que inclúe unha pantalla de infoentretenimento de 12,9 polgadas, climatizador

automático e diversos sistemas de asistencia. Os niveis máis altos engaden funcións como os faros LED Plus e as lamias de aliaxe máis grandes. As versións

máis potentes tamén teñen tracción integral 4Motion. A oferta desta nova frota parte dos 36.600 € para un Tiguan con hibridación lixeira de 48 volts con 130 cabalos.

Livan X3 Pro, novo SUV compacto



Livan lanzará o seu novo SUV compacto X3 Pro a finais do outono deste ano, dende os estándares fixados pola compañía de ofrecer prezo competitivo e garantías de cinco anos ou 100.000 quilómetros. Cunha lonxitude de catro metros e unha capacidade

de equipaxe de 400 litros, o Livan pon en valor a etiqueta de SUV compacto.

O Livan X3 Pro está propulsado por un eficiente motor turbo de 1,5 litros con tecnoloxía Dual VVT, que rende 103 cabalos. Esta potencia, xunto co baixo peso, é unha combinación ideal para este SUV e

proporciona un rendemento áxil, tanto na cidade como na estrada. A transmisión manual de cinco velocidades facilita unha experiencia de conducción dinámica e ofrece un control total sobre a dinámica do coche. O seu interior inclúe un volante multifunción, asentos de coiro ecolóxico e

unha pantalla táctil de oito polgadas con sistema de infoentretenimento e cámara traseira. Ofrece varias axudas de última tecnoloxía á conducción, como a axuda ao arrinque en costas, ESP e TCS.



**LAS 12
CAUSAS**

aser



Por TU Seguridad y el Medio Ambiente

SEPTIEMBRE

Encendido / Gestión Motor



otero caritón
Jaime y Ramón Otero Caritón, S.L.

Protege tu motor; cambia todas las bobinas a la vez cuando una falle

Por TU Seguridad

La importancia del sistema de Gestión Motor – Sin la información correcta, el mejor coche puede ocasionar un grave accidente

Por el Medio Ambiente

El estado de bujías y calentadores influye directamente en el consumo y en la emisión de sustancias contaminantes

ENEOS

OFFICIAL PARTNER:



otero caritón

Récord de vendas do Omoda 5



O Omoda 5 está a superar todas as expectativas marcadas, impactando no mercado nacional de maneira singular. Durante o mes de xullo conseguiu rexistrar 1.029 unidades, sumando un total de 3.372 dende o seu lanzamento hai cinco meses, conseguindo unha das mellores entradas no mercado.

Equipado cun motor 1.6 turbo de gasolina de 185 cabalos e

transmisión automática de sete velocidades e dobre embrague, o Omoda 5 véndese na rede oficial de concesionarios Omoda-Jaecoo. Este SUV compacto, que destaca polo seu deseño e tecnoloxía, está dispoñible dende 27.900 € (no acabado de acceso Comfort) e dende 29.900 (para o acabado Premium, tope de gama), cunha garantía de fábrica de sete anos ou 150.000 quilómetros.



Movano: novos estándares para a frota comercial

O novo Opel Movano establece estándares diferenciados, entre os vehículos comerciais lixeiros no negocio do transporte. Isto inclúe non só as innumerables opcións de configuración, se non que ten un volume de carga de ata dezasete metros cúbicos, unha carga útil de ata dúas toneladas e novos sistemas de asistencia líderes na súa categoría. O novo Opel Movano presenta unha transmisión automática de oito velocidades nas súas variantes diésel, mellorando a eficiencia e reducindo

as emisións, destacándose como alternativa verde no mercado. A nova transmisión automática foi deseñada especialmente para un alto par, e ademais, realizáronse melloras na carrozaría do Movano, facendo que o vehículo sexa máis aerodinámico.

Está dispoñible con motores turbodiésel de 140 e 180 cabalos. Tamén conta cunha versión eléctrica que pode percorrer ata 430 km cunha carga e unha próxima versión de hidróxeno cunha autonomía de 500 quilómetros.



O Subaru BRZ: á venda as últimas 30 unidades dun mito



Este mes chegarán aos concesionarios nacionais as 30 últimas unidades dun vehículo que xa forma parte da historia da marca xaponesa, o Subaru BRZ. Ata o día de hoxe vendéronse no noso país 355 unidades, e agora será a última oportunidade para adquirilo, saíndo de novo á venda por 43.000 euros. Este deportivo puro conta cun motor Boxer de 2,4 litros e 234 cabalos, situado o máis baixo posible, co obxectivo de maximizar vantaxes como un peso moi

lixeiro nun tamaño compacto, que afectan directamente ao manexo e ao rendemento. A marca destaca que co obxectivo de establecer un compromiso emocional entre o coche e o condutor, aumentaron o 60 por cento a rixidez lateral da carrozaría e un 50 por cento a rixidez no torso. Da mesma maneira, o uso de aluminio no teito, o gardalamas dianteiro e o capó contribuíu a declarar un contido peso de 1.289 quilos. Unha oportunidade única para os trinta compradores.

BREVES

» **MG, converteuse en** xullo na primeira marca chinesa en entrar no "Top 10" das máis vendidas no noso país, con 3.944 unidades matriculadas.

» **Ferrari implementou,** dende xullo, o seu sistema de pago con criptomonedas en concesionarios europeos, trala súa introdución en EEUU hai un ano para

satisfacer as demandas dos seus clientes.

» **En 2023, as matriculacións** de vehículos eléctricos puros na UE aumentaron un 48,5%, alcanzando os 4,5 millóns de unidades. Destes, 1,5 millóns foron rexistrados só en 2023.

» **BP desenvolverá** combustible sostible avanzado, especificado pola FIA, para

a entrada de Audi na F1 en 2026

» **BYD estableceu** unha asociación estratéxica plurianual con Uber para subministraren 100.000 vehículos enchufables á súa operativa en mercados chave a nivel global.

» **Os Skoda Kodiaq e Superb** obtiveron 5 estrelas nas probas EuroNCAP, co Kodiaq logrando o 84% e o Su-

perb o 87 do total de puntos. Dende 2008, todos os modelos novos de Skoda alcanzaron as 5 estrelas.

» **A nova My Cupra App** substitúe á Cupra Easy Charging App e centraliza o acceso a Cupra Charging. Ofrece acceso a máis de 700.000 estacións de carga en Europa (13.000 en España) xestionadas directamente dende a aplicación.



Dacia Spring, máis deseño

→ O Dacia Spring, o primeiro modelo 100% eléctrico da marca, foi un éxito dende o seu lanzamento en 2021, con máis de 150.000 unidades vendidas en todo o mundo. Destacando pola súa eficiencia enerxética e accesibilidade é un dos vehículos eléctricos máis vendidos en Europa. A nova actualización conta cun motor mellorado ata 65cv e un deseño renovado, polo que o novo Spring aparece máis robusto

e atractivo, deseñado para ofrecer unha mobilidade sen emisións, cun uso práctico e sinxelo. O novo deseño inclúe volumes estruturados e unha sinatura luminosa en forma de "Y" nas luces LED. No interior, todos os elementos foron redeseñados para ofrecer maior calidade e practicidade, cunha nova pantalla multimedia central de dez polgadas.

Está dispoñible en seis cores, incluíndo o novo Safari Beige e o Clay Red.



Mini Cooper S con acabado John Cooper Works (JCW)

→ Mini aproveita a súa traxectoria para poñerse en valor, celebrando a herdanza competitiva da marca, cun deseño distintivo dianteiro e traseiro dun modelo con carácter. Máis aló do seu deseño deportivo, o seu rendemento é moi notable, grazas a estar equipado cun motor TwinPower Turbo de 2.0 litros con 204 cabalos e catro cilindros, o JCW acelera de 0 a 100 km/h en 6,6 segundos. A súa suspensión e

amortiguación están axustadas para unha condución áxil, e a dirección e os potentes freos contribúen ao alto nivel de pracer de condución.

O deseño JCW inclúe difusores na parte dianteira e traseira, o logotipo JCW na grella dianteira e detalles como o teito negro e as tapas dos espellos. Como no conxunto do seu deseño, as pinzas de freo e as rodas de 17 e 18 polgadas tamén destacan o estilo deportivo.



A familia do Buzz ID segue medrando

→ O Buzz é un vehículo eléctrico e unha icona do deseño na súa versión clásica e eléctrica, con distintos talentos, agora con espazo para sete persoas. A versión Pro, con distancia entre eixes longa, ofrece unha grande eficiencia e un enorme espazo interior, mentres que a Versión Buzz GTX é o Bulli máis poderoso, o de sempre, con tracción nas catro rodas e gran capacidade de remolque. Volkswagen amplía e actualiza agora a

gama de modelos do Bulli eléctrico. Novo na gama: o ID. Buzz Pro2 estréase con batalla longa, nova batería de 86 kWh e un novo propulsor de alta eficiencia que ofrece unha potente potencia de 210 kW (286cv). O ID. Buzz ProL con batalla longa impresiona pola súa grande eficiencia e un enorme espazo interior con capacidade para sete persoas, bicicletas e táboas. Con máis potencia que nunca, o novo modelo insignia da serie é o ID. Buzz GTX3/4 con 250 kW (340cv).

Este modelo ofrece un rendemento sen igual, tracción ás catro rodas de serie e unha gran capacidade de remolque. O ID. Buzz GTX pódese configurar con batalla curta ou longa. Con batalla curta, o ID. Buzz GTX conta cunha nova batería de 79 kWh; a versión con batalla longa está equipada coa batería máis grande de 86 kWh.

Todos os Buzz ID Pro están equipados con dúas portas corredizas, faros LED e luces traseiras LED, cámara frontal para sistemas

de asistencia ao condutor, volante multifunción, sistema de mantemento de carril Lane Assist... Ambas as versións poden cargarse rapidamente nas estacións de carga DC. Ademais o sistema de infoentretenemento recibiu unha importante actualización de hardware e software, cunha navegación por menús intuitiva e unha potencia de procesamento máis rápida. A pantalla táctil do sistema é agora de 12,9 polgadas en lugar de 12,0 polgadas.

Novo Toyota GR Yaris



A actualización do Yaris constitúe un esforzo solvente por actualizar un dos vehículos máis recoñecibles do mercado. Cunha notable mellora da potencia e axilidade, o deportivo de Toyota pasa de 261 a 280 cabalos, cunha nova caixa de cambios automática de

oito velocidades e convertidor de par, a Gazoo Racing Direct Transmission. O novo GR Yaris presenta desta maneira unha evolución do rendemento do motor, que ademais conta cun subradiador adicional para manter as temperaturas de funcionamento óptimas. O deportivo contou con máis melloras

para espremer a súa conducción, reforzando a suspensión dianteira e aumentando a rixidez estrutural do cadro.

Da mesma maneira, o interior do GR Yaris tamén foi redeseñado para mellorar a ergonomía e a experiencia de conducción. O equipamento básico de serie difire entre as distintas versións

dispoñibles. O Circuit Pack, o Touring Pack, e o Touring Pack Plus. O prezo inicial de 47.500 € é para o acabado RZ, e ascende a 49.500 € para a versión con Circuit Pack. Tamén está dispoñible un programa de financiamento Toyota Easy Plus por 275 €/mes, que inclúe 4 anos de garantía e mantemento.



Vanguardia tecnolóxica, Audi Q6 e-tron



O primeiro SUV eléctrico construído na Plataforma Eléctrica Premium, simboliza o lema de Audi "Á vangarda da tecnoloxía". Este modelo destaca polas súas prestacións, autonomía e eficiencia, cun deseño exterior deportivo e un interior innovador que marca o futuro da mobilidade

eléctrica de Audi. O Q6 e-tron mide 4,7 metros de longo, 1,93 de ancho e 16,5 de alto, proporcionando moito espazo para cinco pasaxeiros e equipaxe. O seu motor eléctrico e a súa batería de 100 kWh garanten unha autonomía de ata 639 quilómetros e permiten recuperar 255 quilómetros en só dez minutos de carga

grazas á tecnoloxía de 800 volts e unha capacidade de carga de 270 kW.

O modelo está dispoñible en tres versións: Q6 e-tron performance, Q6 e-tron Quattro e SQ6 e-Tron. O Q6 e-tron performance ofrece tracción traseira e unha potencia de 240 kW, acelerando de 0 a 100 km/h en 6,6 segundos. O Quattro inclúe

tracción integral con motores nos dous eixes e unha potencia de 285 kW, acelerando en 5,9 segundos. O SQ6 e-Tron, con 360 kW, alcanza os 100 km/h en 4,3 segundos e ten unha autonomía de 590 quilómetros. Os prezos parten de 76.420 euros para o Performance, 79.990 para o Quattro e 104.990 para o SQ6 e-Tron.



Axenda Sprint



Novo Concesionario
Segway



**Recambios
Balsa**



www.recambiosbalsa.com

 Recambios, accesorios, pintura y herramientas



¡TENEMOS EL BOCADILLO QUE TE GUSTA!



**Bocadillos
Sandwich
Hamburguesas
y Pollos Asados**

Rosalía de Castro, 23 | Esquina Montero Ríos | © 981 590 538

Gran variedad en Desayunos
y Platos Combinados



Montero Ríos, 39
Santiago de Compostela
© 981 593 636

**Oscar
Tires**

Oscar Tires Avda. Rosalía de Castro, 28 MILLADOIRO 15895 Amés. Tel. 981 53 05 79

BRIDGESTONE

Nuevo Potenza Sport

Controla tu viaje, despierta tus sentidos.
El Bridgestone Potenza Sport es un neumático
de altas prestaciones que te permite
aprovechar todo el potencial de tu vehículo
y mantener un control total durante tu viaje.





Novo Toyota C-HR Plug-In

Un híbrido enchufable que ten moito que dicir



■ LUÍS RIVERO DE AGUILAR | TEXTO
■ MARÍA FDEZ. ZANCA | FOTOGRAFÍA

Xa está aquí a segunda xeración do *crossover* Toyota C-HR líder do segmento C-SUV. Se hai uns meses foi presentado o C-HR Hybrid (dende 31.750 €), agora tráenos a partir de 37.000 € o novo C-HR en versión híbrida

eléctrica enchufable, o C-HR Plug-in.

O Toyota C-HR naceu no ano 2017 e dende entón se venderon en Europa preto de 900.000 unidades. España foi o país no que máis Toyota C-HR se matricularon o pasado ano.

Os dous modelos son exteriormente iguais e teñen o mesmo equipamento. O

que os diferencia son os accesorios específicos da versión enchufable, como -por exemplo- uns cables bastante pesados para enchufalo en casa ou ben nun punto de carga que podemos atopar na rúa ou na estrada. E que vantaxe ten este modelo respecto doutro? Pois moi fácil, co enchufable poderemos circular pola cidade en modo

totalmente eléctrico, cunha autonomía de algo máis de 66 km sen consumir unha pinga de gasolina. E cando circulemos por estrada (unha vez esgotado o modo eléctrico) irá en modo híbrido, cun consumo moi baixo, combinando o motor eléctrico co de gasolina. O cambio ao modo híbrido é automático. Unha marabilla!



Modo eléctrico

En modo eléctrico podemos facer os nosos desprazamentos diarios ao traballo, ao centro comercial ou ao colexio dos nosos fillos sen consumir gasolina, xa que conta cunha autonomía que se é ben utilizada daranos para uns cen quilómetros.

O tempo de carga completa da batería é de dúas horas e media, así que chegamos ao garaxe, o enchufamos e ata o próximo día!


Nesta versión enchufable a batería aumenta o peso do coche nuns 180 quilos, subindo un pouco o consumo, e reducindo uns cantos litros a capacidade do maleteiro. A posición desta pesada

batería fai que o centro de gravidade sexa máis baixo, o que lle dá máis estabilidade. A motorización Plug-in consta dun motor eléctrico de 163cv (120 kW) no eixo dianteiro, así como dunha batería de Li-ión de gran capacidade, con 13,6 kWh e un motor de combustión de 2 litros con 152cv (112 kW) e unha aceleración de 0 a 100

km/h en 7,2 segundos. A velocidade máxima está limitada a 180 km/hora.

Aforrador

En total, ten 223cv (164 kW) de potencia total combinada, cun consumo mixto de 1,2 litros por cada 100 quilómetros (coa batería cargada) e de 4,7-5,1 l/100 km cando



se descarga. Ademais conta con tres modos de conducción, Eco, Normal e Sport.

E, a verdade, vén máis aforrador que nunca. Para mostra, un botón: se vas circulando co motor de gasolina e entras nunha zona de baixas emisións, grazas á nova función de "geofencing", automaticamente pasará a modo eléctrico, optimizando o uso da batería ao longo do traxecto. Para iso, está claro, hai que circular utilizando o sistema de navegación do coche.

Tamén conta coa función One Pedal, enxeñoso sistema que facilita a conducción e, ao mesmo tempo, recarga a batería. Sen cambiar de pedal, o condutor controla a aceleración e a deceleración. Cando se vai conducindo, se levantamos o pé do acelerador o coche empeza a reducir a velocidade, incluso podendo chegar á parada total. Ao mesmo tempo transfírese á batería do coche a enerxía xerada ao frear.

Datos

Por primeira vez incorpora uns amortecedores con tecnoloxía de control sensible da frecuencia FSC para mellorar o tacto de conducción e o confort de marcha. O sistema hidromecánico incrementa a forza de amortiguación a baixa frecuencia, como ocorre en caso de circular por calzadas con fochancas ou cando se practica unha conducción máis dinámica. Neste caso ofrece un

manexo máis directo, tanto do desprazamento como da inclinación, ademais de manter un maior control das curvas. En cambio, ao circular por unha autoestrada a alta frecuencia, unha menor forza de amortiguación ofrece un maior confort de marcha.

“Co C-HR enchufable poderemos circular en modo eléctrico, cunha autonomía duns 66 km, sen gastar unha pinga de gasolina

Ten tres novos equipamentos: Activar, Advance e Gr-Sport, máis edicións especiais con equipamento destacado. Exteriormente ten un deseño súper moderno, inconfundible e moi avanzado. A silueta de cupé salientase aínda máis grazas ás marcadas liñas de tensión da súa carrozaría e a súa óptica traseira única que se funde visualmente coa lúa traseira. O frontal ten uns espectaculares faros LED integrados xunto cos intermitentes nun deseño en forma de frecha, unha inmensa grella e uns faldóns deportivos.

As medidas deste novo e actualizado vehículo son 4.362 mm de lonxitude (3 cm menos que o anterior),

1.832 mm de anchura (35 mm máis ancho que a versión anterior) e 1.564 de altura. O maleteiro na versión enchufable ten unha capacidade de 311 litros, alcanzando os mil cos asentos traseiros abatidos.

Chaman a atención os tiradores escamoteables das portas a niveis da carrozaría e un impresionante teito panorámico de confort térmico que ilumina o interior do coche (sobre todo, a parte de atrás) sen que lle afecte en absoluto os cambios exteriores de temperatura. Ademais, grazas a este teito gaña tres centímetros máis de espazo para as cabezas dos viaxeiros. O portón traseiro vén con apertura e peche motorizados e o espello retrovisor interior pode ser dixital intelixente. As grandes lamias son de varios tamaños chegando ás 20" de diámetro.



“Nunha ZBE, grazas á nova función de "geofencing", automaticamente pasará a modo eléctrico (precisa que circulemos co GPS do coche)

Interior

No interior destacan a calidade dos materiais, ben rematados e ben axustados, a confortabilidade dos asentos (un aplauso para os dianteiros), a inmensa pantalla táctil da consola central e o cadro de instrumentos totalmente dixital con diversos deseños e unhas luces ambientais que se ven en moi poucos coches, luces cálidas, frías ou de 24 cores que van cambiando segundo as distintas horas do día. Incluso a iluminación está sincronizada co climatizador. Se poñes a calefacción as cores serán máis cálidas; que poñes o aire acondicionado, entón as cores serán máis frías. Xusto debaixo dos botóns do aire acondicionado está situado un compartimento para cargar o teléfono móbil sen cables.

Outro punto para destacar é a insonorización a bordo, que mellorou notablemente grazas a un mellor illamento baixo o chan. Pódese circular



distancia se o vehículo está enchufado, e tamén se pode ver en directo o progreso e a autonomía en modo eléctrico. Ah! e pódese establecer un calendario de carga: cando a enerxía é máis barata ou cando o momento sexa o máis adecuado. Por outra banda, pódese ver a dispoñibilidade de carga de tal estación, a velocidade de carga ou os tipos de conector.

Os sistemas de seguridade son fundamentais hoxe en día e este híbrido enchufable vén ben equipado de serie, á parte de que se lle poden engadir algúns packs de seguridade que nos deixarán conducir con máis confianza e tranquilidade. Toyota Assist é o nome dos múltiples sistemas que axudan a prever accidentes, ofrecen protección en caso de impacto e axudan ao condutor para realizar manobras. Aquí deixo algúns: Sistema de Seguridade Precolisión, Asistencia Proactiva á Condución, Sistema de Mantemento de Traxectoria, Control de Cruceiro Adaptativo, Sistema de Asistencia para a Prevención de Adiantamentos, Recoñecemento de Sinais de Tráfico (por certo, a versión máis recente incorpora a posibilidade de axustar cunha soa pulsación o limitador de velocidade á información dos sinais viarios), Sistema de Recordatorio dos Asentos Traseiros, Asistencia de Saída Segura, Alerta de Tráfico Cruzado Frontal, Detector de Fatiga por cámara, Axuste Dinámico de Luces de Estrada... Quen dá máis?

por estradas difíciles sen ruidos externos que distraen e molestan.

Os asentos dianteiros, como xa indicamos anteriormente, son extraordinarios: amplos, cómodos e envolventes. Atrás, dúas persoas van moi cómodas, tres viaxarían con certa dificultade. Hai espazo suficiente para as pernas e a cabeza, aínda que a visión lateral é algo escasa, podendo as ventás ser un pouco máis grandes. Tamén se bota de menos un apoiabrazos central no asento traseiro.

A postura ao volante é bastante cómoda, con toda a información ao alcance da

vista cunha pantalla bastante grande onde se mostra todo o que necesitamos saber. Incluso os mandos do aire acondicionado están ao alcance da man con bastante facilidade. A pantalla pódese personalizar segundo catro temas distintos: Informal, Elegante, Robusto ou Deportivo.

Tecnoloxía

Non fai falla sacar as chaves do peto para abrir as portas, xa que ata se poden abrir cunha aplicación *ad hoc* no teléfono. Tamén podes achegar a man ao tirador que se desbloqueará

inmediatamente. E se o día é moi frío ou caloroso, podes conectar o aire acondicionado minutos antes de

“Grazas ao
teito panorámico
gaña tres
centímetros máis
de altura interior

entrar no coche cunha aplicación no móbil. Así, cando arrinquemos, xa teremos o habitáculo á temperatura ideal para poder gozar plenamente da condución. O novo Toyota C-HR enchufable inclúe un sistema de climatización por bomba de calor e un modo My Room que permite utilizar o climatizador para axustar ou manter a temperatura do interior mentres se recarga a batería.

Queres máis tecnoloxía? Pois aí vai. A través da aplicación My Toyota pódese iniciar e deter a carga a



ASEGAL & CASTROMIL

Abogados y Economistas

Fiscal - Administrativo - Mercantil
Laboral - Subvenciones - Familia

Artigos personalizados de marcas

Gozar do verán con estilo

■ ANTÓN PEREIRA | Texto ■ SPRINT MOTOR | Foto

Son moitos os fabricantes de automóviles e motos que nos ofrecen distintas prendas, detalles e accesorios personalizados

coa súa marca para mellorar a experiencia de conducción e comodidade, á vez que nos identificamos co seu logotipo. Temos unha

ampla oferta para os nosos vehículos, e, en canto á vestimenta, temos diversas camisolas, suadoiros, lentes de sol ou gorras deseñadas para

usuarios que buscan estilo propio.

Nestas páxinas ofrecemos uns cantos artigos propostos por distintos fabricantes



Camisola Mini Car Face Detail

Traemos a estas páxinas tres artigos da colección Mini Lifestyle Collection 2024 que nos poden acompañar nas nosas viaxes estivais.

Os motivos principais desta colección baséanse no frontal do Mini Cooper. Un dos máis destacados é a camisola Mini Car Face Detail cun estilizado gráfico do logo Mini.



Un Citroën para os cativos

Citroën ofrece aos máis pequenos un xoguete inspirado no mítico Rosalie 8 CV que, hai 90 anos, non se cansou de dar voltas ao Circuito de Montlhéry (París) para cultivar múltiples récords de velocidade. Este mito da historia do

automóbil está dispoñible en forma de xoguete facilmente manexable polos cativos para que percorran os corredores da casa con seguridade. Fabricado en colaboración coa empresa especializada Baghera. Prezo: 179 €.



Colección Opel

Para os días máis cálidos, está a expresiva camisola unisex. Na parte dianteira pregunta descaradamente:

"Nado para ser Pop?" e na posterior ofrece unha resposta clara: "Yes, of Corsa". Prezo: 35,50 €.



Fiat tamén pensa nas mascotas

As vacacións adoitan ser sinónimo de viaxar con mascotas. A bordo dun Fiat, estas poden viaxar nos asentos traseiros ou o maleteiro, grazas a sistemas de protección especiais, bandeja de carga reversible ou

protectores para o bordo de carga. Tamén se poden incorporar arneses de seguridade ou, mesmo cintos específicos para que poidan acompañar aos ocupantes no habitáculo.



Luvas MX Linear

As luvas MX Linear están deseñadas para ofrecer unha cobertura completa sen perder a sensibilidade

necesaria no guiador. Estas luvas aseguran mans hábiles e sempre áxiles. Prezo: 30 €

Trolley Mini


O Trolley de cabina co logotipo Mini en relevo é un compañeiro práctico. Grazas ás catro rodas silenciosas, a maleta ríxida con fechadura pódese mover en silencio durante a viaxe. Os amplos compartimentos interiores están divididos en varias zonas e permiten organizar comodamente a equipaxe.



Caderno de viaxe

DS St Exupéry

O caderno de viaxe DS St Exupéry inspírase no espírito aventureiro do escritor francés Antoine de Saint Exupéry. Este notebook de tapa dura e tamaño A5 presenta textos e ilustracións do autor, con 132 páxinas e unha cuberta azul que evoca unha noite estrelada ao estilo de "O Principiño". Está deseñado para anotar pensamentos e notas durante as viaxes. Prezo: 21 €.



Mini Caps

O concepto cromático da Mini Lifestyle Collection 2024 baséase nos contrastes de cor da nova familia Mini. Como as Mini Caps. Todas as pezas desta colección están confeccionadas, e producidas en Portugal, cunha mestura de algodón orgánico e reciclaxe ou son 100% de algodón orgánico.



A Versatilidade da Gama Fiat no verán

Fiat ofrece unha gran variedade de elementos para que os percorridos máis longos non supoñan unha experiencia esgotadora. O Pack Nenos destaca pola súa vocación práctica. A súa gran baza é a base FlexConnect situada

no respaldo dos asentos dianteiros e á que se pode axustar tanto un soporte para utilizar a Tablet comodamente como unha mesa pregable tipo avión que pode servir tanto para comer como para ser utilizada como lugar de xogos.



Botas Artiglio

As antigas polainas e botas transformáronse co tempo nun elemento esencial para os motoristas off-road. As botas Artiglio están deseñadas para resistir o paso do tempo e proporcionar protección contra calquera sorpresa que se lle presente ao motorista no camiño. Prezo: 220 €



Zontes 125 C

Skeletor



■ XOSE ARUFE | TEXTO
 ■ UXÍA QUEIRUGA | FOTOGRAFÍA
 WWW.MOTOSPRUEBAS.COM
 motos@motospruebas.com

A Zontes 125 C acaba de chegar aos concesionarios da rede da marca en todo o país e ten un prezo de saída rompedor.

Zontes continúa facendo estragos no mercado da motocicleta. En todos os sectores nos que se presenta non deixa monicreque con cabeza, neste caso unha novidade importante, a Zontes 125 C. Este modelo é a nova referencia das motos custom de 125cc, unha moto que moitos

aficionados estaban agardando. Dende a súa aparición no salón da moto EICMA de 125cc (Milán), a 125 C gozou de gran popularidade entre aqueles que buscan unha moto dispoñible para carné B ou A1, e que se encadre na categoría de máquinas clásicas na fronteira entre *choppers* e *cruisers*, pero cun estilo contemporáneo, un deseño moi moderno e a impresionante tecnoloxía que sempre ofrece esta marca.

Agradecemos á **Casa Grande do Bachao** (www.bachao.es) por cedernos este marabilloso e increíble espazo para a reportaxe.

Unha moto de 125 sen concesións

En termos de deseño e estilo, a nova moto Zontes inspírase claramente na silueta dun esqueleto, unha *custom*, cunha chiscadela tanto ao mundo *chopper* como ao mundo *cruiser*. Por unha banda, o depósito de combustible, típico das *chopper*, elevouse en altura, o que achega dinamismo á liña da carrozaría. Doutra banda, a moto colocouse sobre dúas rodas de 16 polgadas, o que está máis en liña cunha moto *cruiser*. A carrozaría minimalista lembra ás *chopper*,

mentres que a parte traseira, baseada no asento contorneado, lembra ás motos *custom*. Cunha altura do asento de só 700 mm, calquera, independentemente da súa estatura, sentirase seguro e a gusto sobre esta máquina.

Está dispoñible en tres cores: vermello, negro e azul. O seu prezo recomendado é de 3.087€, máis gastos de matriculación e xestoría.

Clásica e moderna á vez

Con todo, non sería unha Zontes se lle faltasen os toques modernos. Como unha potente iluminación realizada con tecnoloxía Full-LED, con





Luces de conducción diúrna integradas no bastidor, innovadoras cubertas de motor e intermitentes longos e actuais, así como un marco de faro acabado na mesma cor que a moto e un soporte de gardalamas moi atractivo. Grazas a estes detalles, a nova Zontes 125 C tamén atraerá aos amantes do deseño contemporáneo.



“O posto de conducción está dominado por unha moderna pantalla LCD de fácil lectura

Só pesa 153 kg en orde de marcha e o depósito de combustible pode conter ata 16 litros de combustible, o que, cun consumo de combustible de 2,1/2,5 litros cada 100 km, nos dá unha boa autonomía.

O posto de conducción está dominado por unha moderna pantalla LCD de fácil lectura que ofrece unha visión completa de todo tipo de información, o seu ángulo tamén é axustable. En canto á súa tecnoloxía, gozaremos de sistema de acceso sen chave, Key less, sensor de presión de pneumáticos, batería de xel, dous portos USB de carga rápida, indicador de velocidade engrenada, sistema de carga da batería, etc.

O seu corazón latexa con forza grazas a un motor monocilíndrico de 125cc de refrixeración líquida, capaz de ofrecer 14,7cv de potencia e un rendemento excepcional. O mesmo motor

monocilíndrico de 125cc, de 4 tempos e alta tecnoloxía, refrixerado por líquido, que se utiliza actualmente nos modelos G1, U, U1, Z2 e GK 125. A elevada potencia máxima de 14,7cv vai acompañada dunha caixa de cambios de 6 velocidades adecuadamente adaptada e un embrague antirrebote para un maior control e seguridade na conducción. Un potente sistema de inxección electrónica Bosch é o responsable da alimentación para obter o máximo rendemento, conta cun sistema de freada con ABS en ámbalas rodas, tamén está equipada cun sistema de escape completamente de aceiro inoxidable cunha punta totalmente horizontal. As manetas de freo e embrague, as de freo de pé e cambio de marchas, son axustables, polo que a ergonómia da moto pode adaptarse perfectamente ás nosas preferencias

Arrincamos!

A verdade é que esta proba pilloume bastante xusto de tempo e a ultimísima hora saín con toda a preña do mundo cara a un escenario

perfecto para a reportaxe fotográfica desta maravillosa escauída, pero o gran Murphy nunca falla, un camión articulado envorcado obrigaba a cortar a estrada e obrigoume a tomar un desvío duns dez quilómetros máis de estrada embarrada para chegar ao mesmo punto de destino. E coma non? *Miss Rain* tampouco se quixo perder a festa, e de que maneira, en dez minutos estaba empapado, e a reportaxe fotográfica foise e á mer... Ben!, despois dun intre de espera tivemos unha tregua e podemos facer unha reportaxe *express*.

Imos ao gran, entre tanto rebumbio, desvíos, chuvia, lama e fochancas, a verdade é que a moto se portou de cine, posición de conducción comodísima, baixiña, súper control en todo momento, suspensión exquisita, rotunda, freos correctos, motor potente e son perfecto para ser unha 125.

Un detalle que non se me escapou, Zontes corrixiu o pequeno defecto deste maravilloso propulsor, o caso era que en todos o modelos anteriores que montan este monocilíndrico, a sexta velocidade era moi longa e só

podías aproveitala en baixadas ou chairas con vento a favor, ben, pois isto foi corrixido neste modelo, conseguín engrenar a sexta velocidade en subidas e a resposta foi maravillosa.

A velocidade punta non está nada mal, 120 facilmente e 125/130 apurada. A Zontes foi unha aliada en todas estas situacións complicadas; o seu comportamento foi impecable e, ademais, pousou estupendamente. Unha campioa que me encantou.

Punto negativo

O único detalle que non me gustou, e sorprendeume nesta marca, é o sistema para quitar o asento, tes que desconectar o cable da luz traseira que vai integrada no mesmo, se te despistas estrégalo.

Práctico e ben feito

A caixa de cambios é moi suave, o Quick Shifter tamén é doado de usar e positivos nos cambios, o embrague é suave e brando, a facilidade e o ángulo de xiro son impresionantes mesmo a





velocidades moi baixas, coa moto cambiando de dirección sen esforzo.

Fóra do asfalto a sensación é de pesadez, especialmente cando se avanza paseniño ou cando movo a moto co motor apagado, típico da F 850GS. Pero cando

“A Zontes portouse de cine, posición de condución comodísima, baixiña, súper control en todo momento, suspensión exquisita...”

a moto está en movemento, o control é fácil, a posición de condución axuda xa que os xeonllos xogan un papel importante, e o guiador de sección variable proporciona un bo agarre que tamén axuda. A ergonómia é excelente e contribúe á usabilidade. Frea moi ben e, de feito, co ABS desconectado en terra, é moi efectivo o freo traseiro, coa axuda do embrague unidireccional.

A suspensión séntese ben cunha compresión adecuada sen ser máis branda ou rápida do que nos gustaría, e mesmo en terra impresionoume. Manteste correctamente erguido sobre as estribeiras, máis anchas que as da F 850GS. O control é bo, podes manterte ergueito e controlar o peso, a moto é estable, fácil e amable. É aconsellable para aqueles sen experiencia confiar na función de Control de Tracción.

As súas características sitúana directamente no estante superior da categoría, independentemente da marca e o custo, e demostra que non entra no mercado como un produto chinés. Está fabricado en China, é chinés, con experiencia coñecida e periféricos de marca, e mesmo posúe outra baza moi importante: parece europea.

Poderíamos dicir facilmente que se trata dunha mestura da F 850GS e a F 900GS cun novo deseño de periféricos de plástico no espírito de Voge, xa que o chasis, o subchasis, as rodas, os freos, todo ten o mesmo aspecto, ata o punto de que se podería dicir que mesmo poderían levar códigos de pezas BMW.

A Voge DS900X 2024 representa un fito significativo na industria de motocicletas, combinando a experiencia e a tecnoloxía de Loncin co know-how de BMW. Esta moto ofrece unha experiencia de condución completa, con características avanzadas e un rendemento robusto. O seu deseño ergonómico, equipamento completo e características de aventura sitúana como unha opción destacada na súa categoría. As oportunidades de adquirir unha destas motocicletas están realmente contadas, e hai que darse prisa. Especialmente co prezo de saída por debaixo dos 10.000 €.

Temos que agradecer a ENXURO (Concesionario Voge) por cedernos esta unidade para probar. As cores na que está dispoñible son: Lime Green, Aviator Blue e Black Knight. O seu prezo é de 8.888 €, máis gastos de matriculación e xestoría (uns 250 €), cunha garantía de cinco anos.

**MANTEMENTO**

1ª revisión: 1.000 km
2ª revisión: 5.000 km ou un ano
Seguintes: cada 5.000 km ou un ano
Prezo aproximado de cada revisión: 85 €
Cambio de pneumáticos cada: 13.000 km
Prezo aproximado: 225 €
(É posible que os períodos de mantemento que recomendo nesta sección non coincidan cos recomendados polo fabricante, considero que son

os ideais para manter a túa moto en condicións idóneas)

SEGURO

Na oferta da marca, dispoñible ata o 30 de novembro, inclúese o seguro a terceiros obrigatorio para maiores de 25 anos. este seguro pódese ampliar con coberturas de asistencia na estrada e seguro do condutor. En todo caso pódese contratar un seguro con asistencia na estrada, seguro de condutor, indumentaria do condutor, seguro de pneumáticos, perda de chaves e avaría mecánica por un prezo de 175 € ao ano. Tamén temos a posibilidade de engadir roubo e incendio ou perda total (Todo Risco)

Ficha Técnica**MOTOR E TRANSMISIÓN**

- TIPO DE CARNÉ: A, A1, B
- CILINDRADA: 125cc
- TIPO: 4 tempos
- DISTRIBUCIÓN DOHC (dobre árbore de levas)
- CILINDROS: 1
- VÁLVULAS POR CILINDRO: 4
- ALIMENTACIÓN: inxección electrónica Delphi
- REFRIXERACIÓN: líquida
- COMPRESIÓN 12.5:1
- POTENCIA: 14,7cv a 9.000 rpm
- PAR MÁXIMO: 13 Nm a 7.000 rpm
- COMBUSTIBLE: gasolina sen chumbo 95
- NORMATIVA ANTICONTAMINACIÓN: Euro5
- EMISIÓN: CO2 48 gr/km
- ACESO: electrónico C.D.I.
- BATERÍA: 12volts 8AH
- TRANSMISIÓN SECUNDARIA: cadea
- EMBRAGUE: multidisco en baño de aceite con sistema antirrebote
- ACCIONAMENTO: mecánico
- NÚMERO DE MARCHAS: 6

SUSPENSIÓN E FREOS

- TIPO DE CHASIS: simple berce de aceiro
- SUSPENSIÓN DIANTEIRA: pinza convencional, percorrido 127 mm
- SUSPENSIÓN TRASEIRA: basculante dobre brazo de aluminio
- TIPO DE SUSPENSIÓN TRASEIRA: dobre amortecedor, percorrido 87 mm

- FREO DIANTEIRO: disco de 300 mm, con pinza Zontes de 2 pistóns
- FREO TRASEIRO: disco de 230 mm, con pinza Zontes de 1 pistón
- RODA DIANTEIRA: lamia de 16" de aluminio fundido
- RODA TRASEIRA: lamia de 16" de aluminio fundido

DIMENSIÓN E PESO

- LONXITUDE: 2.100 mm
- ANCHURA: 845 mm
- ALTURA: 1.120 mm
- DISTANCIA ENTRE EIXOS: 1.485 mm
- ALTURA LIBRE AO CHAN: 150 mm
- ALTURA DE ASENTO: 700 mm
- CAPACIDADE DO DEPÓSITO: 16 litros
- PESO EN SECO: 137 kg
- CONSUMO: 2,1 l/100km
- EQUIPAMENTO
 - Inmobilizador eléctrico
 - Arrinque eléctrico
 - Sistema Keyless
 - Warning
 - Toma de corrente USB
 - Regulación de maneta de freo
 - Regulación de maneta de embrague
 - Pata de cabra
 - Amortecedor regulable
 - Instrumentación LCD
 - Contarrevolucións
 - Ordenador de a bordo
 - Nivel de gasolina
 - Temperatura de refrixerante
 - Indicador de marcha engrenada
 - Testemuña de reserva
 - Indicador presión pneumáticos
 - Electrónica
 - ABS
 - Embrague antirrebote
 - Iluminación full-LED
 - Luz DRL

20 anos do Citroën C4

A revolución do segmento C

■ DANIEL G. PALAU | TEXTO ■ SPRINT MOTOR | FOTO

Cúmprense vinte anos desde o lanzamento da primeira xeración do Citroën C4, un modelo que supuxo unha revolución tecnolóxica e que revitalizou un nome emblemático no segmento C, o máis importante nos mercados automobilísticos europeos na actualidade.

Nestas dúas décadas, o nome "Citroën C4" foi sinónimo de diversas propostas que reflectiron tanto a evolución da marca como a das tecnoloxías relacionadas coa mobilidade, destacándose fitos como o Citroën C4 Cactus, que marcou un reposicionamento significativo.

A explosión do segmento C

En 2004, Citroën lanzou o C4, un modelo que, debido a unha recente política de nomenclatura, herdaba o nome dun ilustre antecesor de 1928. O seu desafío era substituír ao exitoso Citroën Xsara, coñecido polo seu éxito comercial e as súas vitorias no Mundial de Ralis con Sébastien Loeb e Daniel Elena.

O C4 superou con éxito este reto, manténdose como líder de vendas en importantes mercados como o español. En publicidade, non necesitou de supermodelos, xa que destacando polo seu alto nivel tecnolóxico, presentouse como un *transformer* en anuncios publicitarios. No ámbito deportivo, gañou o



“O desafío do C4 era substituír ao exitoso Citroën Xsara

WRC catro veces, superando ao Xsara.

Fabricado en Mulhouse e dispoñible en versións berlina e cupé, o C4 distinguíuse pola súa tecnoloxía. Incorporaba innovacións como a alerta de cambio involuntario de carril, proxectores autodireccionables bi-xenon, limitador voluntario de velocidade e axuda ao estacionamento.

O interior combinaba sobriedade e tecnoloxía high-tech. O seu volante con mandos centrais fixos

agrupaba funcións de confort e axuda á condución, mellorando a ergonómia e a facilidade de uso.

Evolución

En 2010, a nova xeración do C4 introduciu innovacións en seguridade como a vixilancia do ángulo morto, limitador-regulador de velocidade programable e o servizo Citroën eTouch. Os asentos dianteiros ofrecían regulación lumbar eléctrica e función de masaxe, cun interior personalizable en cores, sons e climatización.

En 2014, Citroën lanzou o C4 Cactus, unha alternativa real ás berlinas compactas, destacándose polo seu deseño único que combinaba o práctico co estético.

Fabricado en España, o C4 Cactus incorporaba innovacións como os Airbump, unha interface de condución dixital e intuitiva, e un teito acristalado panorámico.

En 2018, o C4 Cactus reforzou o seu posicionamento cun deseño máis elegante e unha vocación tecnolóxica, introducindo as Suspensións de Amortecedores Progresivos Hidráulicos e os asentos Advanced Comfort.

Finalmente, en 2020, presentáronse o Novo C4 e o ë-C4, que combinan dinamismo coa versatilidade e espírito aventureiro dos SUV, integrando innovacións do programa "Citroën Advanced Comfort" e tecnoloxías avanzadas de condución e conectividade.



O interior deste Citroën combinaba sobriedade e tecnoloxía



70 anos do Alfa Romeo BAT 7

O Concept-Car poxado en Sotheby's

■ DANIEL G. PALAU | TEXTO ■ SPRINT MOTOR E X. SOBRINO | FOTO

O deseño automotriz foise considerando progresivamente unha verdadeira forma de arte. Na actualidade, esta asociación xa non se discute, mais a historia do deseño na industria do automóbil conta con ducias de fitos que consolidaron este status. Da man da innovación e a interrelación con outras disciplinas, hai anos que os coches entraron nas galerías de arte.

Un destes episodios cóntase na industria automobilística de posguerra, vinculada a historia dunha das compañías míticas do deseño de automóviles, Alfa Romeo. Nos anos 50, asociada con Bertone e un novo deseñador chamado Franco Scaglione, Alfa Romeo rachou a barreira do establecido e expandiulle as posibilidades da aerodinámica e a utilidade dos novos materiais. O resultado desta colaboración foron tres prototipos espectaculares que forman parte da historia e a actualidade do deseño de motor: o BAT 5, o BAT 7 e o BAT 9.

Xenialidade pola aerodinámica

En 1950, Bertone uniuse a un mozo Franco Scaglione para desenvolver visións sobre o futuro do automóbil deportivo baixo os auspicios de Alfa Romeo. A marca proporcionou a base técnica do Alfa Romeo 1900 para que os equipos de deseño puidesen plasmar as súas ideas máis atrevidas. Este labor creativo materializouse no proxecto

Berlinetta Aerodinamica Tecnica (BAT), que entre 1953 e 1957 concreouse en tres vehículos tan atractivos como diferentes: os BAT 5, BAT 7 e BAT 9, numerados segundo a orde das propostas a tamaño real

“Nos anos 50 Alfa Romeo rachou a barreira do establecido e expandiulle as posibilidades da aerodinámica

presentadas por Scaglione.

Tras o impacto causado polo BAT 5 en 1953, o seguinte ano chegou o BAT 7, que tivo o seu debut no Salón de Turín, onde as súas liñas audaces e aerodinámicas causaron sensación. A súa elegante silueta en forma de pinga de auga, a súa carrozaría completamente plana, o seu baixo frontal e



O Alfa Romeo BAT 7 participou na exposición de históricos en 2022 no museo Guggenheim de Bilbao

o seu teito plano non buscaban tanto namorar ao público como ofrecer a mínima resistencia ao aire. Para lograr isto, incluíronse características como as suaves curvas do capó, os pasos de roda integrados na carrozaría, os faros integrados no paragolpes dianteiro e as sorprendentes aletas traseiras, grandes, afiadas e inclinadas cara ao centro. Espectacular no seu estilo

e tamén no seu coeficiente aerodinámico: 0,19.

Da innovación ás galerías de arte

O BAT 7 tamén foi un auténtico laboratorio para o estudo de novos materiais. Elixiuse a fibra de vidro para a carrozaría, logrando un vehículo lixeiro pero resistente. Ademais, o BAT 7 tamén maximizou o uso da fibra de vidro para lograr un deseño impresionante e un coeficiente de resistencia ao aire de 0,19; unha cifra asombrosa para a súa época e que marcou a senda das seguintes décadas.

En 2020, tanto o BAT 7 como os seus "irmáns", o BAT 5 e o BAT 9, foron poxados como auténticas obras de arte en Sotheby's.



Innovación en vehículos de lecer *premium* con deseño nórdico e equipamento exclusivo

As furgonetas *camperizadas* en auxe: novas propostas redefinen a experiencia de viaxar



■ BRAIS GARCÍA | TEXTO
■ SPRINT MOTOR | FOTOS

O auxe das furgonetas *camperizadas* chegou para quedarse. Cada vez máis usuarios están a descubrir a emoción de viaxar coa casa ás costas, e unha nova marca especializada (Concecamper), nacida da paixón viaxeira de dous irmáns, está a revolucionar o mercado cos seus elegantes *campers* de estilo nórdico. Prepárate para vivir a aventura da túa vida!

Este novo fabricante ten moito que achegar neste tipo de vehículos de lecer. A

finals de 2022 estimábase que, polas estradas nacionais, circulaban aproximadamente 331.000 vehículos de tipo caravana, autocaravana e furgonetas *campers*. Un número que volveu medrar no 2023, ano no que se matricularon 2.756 furgonetas *campers* no noso país, o que supuxo un crecemento interanual dun 20,82 por cento. Ademais, moitos dos clientes que tradicionalmente optarían por unha autocaravana ou vehículo de tipo caravana decántanse actualmente por unha opción *camper*.

Concecamper é unha compañía creada grazas á experiencia propia que busca ir un paso máis aló

“Moitos usuarios están a descubrir unha forma diferente de viaxar e de vivir unha experiencia única

do convencional, buscando novas ideas á hora de deseñar as furgonetas e novas formas de gozar a bordo deste tipo de vehículos descubriendo novos lugares sos ou na mellor compañía. Sen dúbida, viron unha oportunidade de negocio estudando materiais que non utilizan as marcas xeralistas e darlle desta maneira unha volta ao estilo e deseño das furgonetas *camper* convencionais. Atopámonos ante a liña *camper premium* deste fabricante. Concecamper non é só un proxecto de alugueiro de furgonetas *camperizadas*

se non que, ademais, ofrece un servizo de venda de furgonetas *camper premium*. Esta compañía ten entre os seus obxectivos principais o promover un modo de vida e unha maneira diferente de viaxar, de compartir momentos e cultivar experiencias vitais que, doutra maneira, sería moi complicado. Todo iso cun enfoque de respecto polo medio natural.

O estilo nórdico é un dos piares sobre os que se sustentan as *camperizacións* que leva a cabo o equipo de profesionais e expertos que compoñen o persoal deste fabricante. O deseño exclusivo e equipamento que ofrecen son os principais elementos diferenciais.

Ofrece diferentes deseños, onde atopamos *campers* con espazo interior para ata catro pasaxeiros e un equipamento de calidade para poder afirmar que se trata de «unha casa como unha seda». Ducha con auga quente, baño interior completo, cociña completamente equipada, ampla autonomía grazas ás súas placas solares e baterías de



A cociña debe ser funcional e práctica, pois é un elemento moi apreciado polos usuarios das autocaravanas



O toldo, ademais de ser unha extensión da autocaravana, crea un ambiente agradable e fresco



Os espazos para durmir teñen que estar moi ben estudados para que o descanso sexa o máis satisfactorio posible

gran capacidade e vida útil, amplos depósitos de auga, e un longo etcétera. En definitiva, Concecampa ofrece propostas de deseños que

se basean en materiais tratados de forma artesanal e profesional, apostando por fuxir do convencional e de deseños estáticos, e

adaptarse desta forma a un mundo que está en constante cambio e evolución. O cliente é o que marcará o camiño a seguir da súa

furgoneta, respectando os seus gustos e as súas necesidades para facer das súas rutas unha maneira máis agradable de vivirlas.

Porsche tamén se apunta a vida ao aire libre



■ REDACCIÓN | TEXTO

A tenda de campaña Porsche pode fixarse ao chan e axustarse a modelos da marca con cinco portas. Pódese usar individualmente ou como complemento á tenda de teito que Porsche ofrece dende hai dous anos.

Esta tenda multifuncional brinda protección contra a intemperie na praia, un acolledor salón no camping ou un práctico refuxio no xardín. Grazas a unha válvula central, inflase en poucos minutos cunha bomba manual incluída. Cinchas reflectores asegúranas ao vento. Outros accesorios inclúen unha parede de

plástico transparente, unha lona de chan con fixacións de velcro e un túnel resistente á intemperie que conecta a tenda co maleteiro dun Porsche con portón.

Deseño e medidas

O deseño da tenda é obra de Studio F.A. Porsche en Zell am See. Cun patrón en negro e gris e unha silueta de montaña, combina coa tenda de teito Porsche. A tenda ten unha base de 2,30 por 2,30 metros. Un estor opaco pódese fixar sobre a parede lateral transparente e enrólase para descubrir a xanela.

O seu deseño cadrado e un enxeñoso sistema de

cremalleiras permiten múltiples ampliacións. Existe unha extensión opcional en forma de parede inclinada, que se fixa á tenda coa cremalleira, creando unha zona adicional para durmir. Ranuras con mosquiteira aseguran unha ventilación adecuada. Ademais, hai variantes de paredes laterais sen xanelas ou cunha malla que ventila o interior e protéxelo de insectos. Varias tendas poden unirse entre si.

Complementarias

A tenda de campaña e a tenda de teito Porsche complementanse para ofrecer máis opcións. A tenda de

teito, deseñada para dúas persoas e utilizable durante todo o ano, alóxase nunha carcasa ríxida exclusiva. A base de soporte da carcasa móntase sobre o 911 (excepto modelos GT, Cabriolet e Targa), Macan, Cayenne, Panamera e Taycan, con ou sen barras de teito. Inclúe dúas xanelas laterais e unha superior.

A tenda de teito móntase rapidamente: ábreanse os pechos de seguridade, lévántase lixeiramente a carcasa ríxida e desprégase con axuda de resortes de gas a presión. Colócase a lona para os pés e estabilízase coa escaleira telescópica integrada. Logo, dásele forma e ténsase con catro puntos de soporte. A carcasa ríxida está dispoñible en cores negro/gris claro ou negro/gris escuro, co anagrama Porsche en negro mate.

Opcións

O catálogo de opcións inclúe unha manta térmica, un organizador de zapatos e bolsas, e un revestimento interior da tenda. Este illamento de dobre capa de polialgodón bloquea correntes de aire frío e retén a calor corporal, ademais de ser doada de montar.



Audi e bp xuntos na Fórmula 1



Audi e bp unen as súas forzas nunha nova asociación estratéxica na Fórmula 1. Mentres Audi se prepara para entrar na categoría raiña do automobilismo en 2026, coincidindo coa entrada en vigor dun novo Regulamento Técnico da FIA, que inclúe unha maior electrificación e o uso de combustible sostible avanzado, a marca dos catro aros e bp unen a súa experiencia técnica e a súa capacidade de innovación para axudar a dar forma ao futuro do automobilismo. No marco desta nova asociación, bp e Castrol, a súa empresa

especializada en lubricantes, se enorgullecen de contribuir a facer realidade a ambición de Audi de combinar tecnoloxía e innovación para alcanzar o éxito na Fórmula 1. As dúas compañías levan case dous anos colaborando estreitamente, deseñando os carburantes bp e os lubricantes Castrol para obter o máximo rendemento da Unidade de Potencia Audi F1.

Para cumprir a normativa, o combustible debe reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro en polo menos o 65% con respecto ao combustible de orixe fósil.

Jonathan Wheatley novo director do equipo Audi de Fórmula 1



Só uns días despois da reestruturación do equipo directivo da futura escuadra de Audi para a Fórmula 1, co nomeamento de Mattia Binotto, Audi dá o seguinte paso anunciando a contratación de Jonathan Wheatley, outro experto de primeiro nivel para o seu ambicioso proxecto na categoría reina do automobilismo.

“Estou encantado de que poidamos contar con Jonathan Wheatley como xefe de equipo da nosa futura escuadra de Fórmula 1”, afirmou Gernot Döllner, CEO de Audi AG. “Jonathan desempeñou un papel importante en numerosas vitorias en Grandes Premios e en Campionatos do Mundo

ao longo da súa carreira na Fórmula 1, e conta cunha ampla experiencia no paddock. É unha incorporación moi valiosa para o noso equipo”.

A carreira de Wheatley na Fórmula 1 comezou a principios dos anos 90 en Benetton Formula One, onde chegou a converterse en xefe de mecánicos. Posteriormente trasladouse ao recentemente fundado Red Bull Racing, onde cultivou grandes éxitos como director deportivo. Durante a súa etapa en Red Bull Racing, Wheatley participou na consecución de seis Campionatos do Mundo de Construtores e en sete Campionatos do Mundo de Pilotos.



Homenaxe ao piloto suízo Jo Siffert



Co 911 GT3 RS Tributo a Jo Siffert, Porsche rende homenaxe ao falecido piloto suízo e conmemora a primeira vitoria do lendario 917 hai case 55 anos.

O 10 de agosto de 1969, Siffert e Kurt Ahrens gañaron a primeira carreira internacional de 1.000 quilómetros no circuíto de Österreich, preto de Zeltweg, con este vehículo difícil de conducir debido ás altas velocidades que alcanzaba e á súa

aerodinámica. Os expertos de Porsche Exclusive Manufaktur construíron este extraordinario e único 911 GT3 RS no marco do programa Sonderwunsch. O coche expoñerase nos Centros Porsche da Suíza a partir deste mes, antes de converterse nun dos protagonistas da feira “Auto Zürich”, que se celebrará do 7 ao 10 de novembro de 2024. O dereito de compra se sorteará entre os interesados en Suíza.



Cinco equipos de estudantes da UPC na Fórmula Student



Os equipos BCN e Motorsport, Dynamics UPC Manresa, eTech Racing, Nova Racing Team e Eco-Racing da Universitat Politècnica de Catalunya-Barcelona Tech (UPC) percorren Europa este verán para competir en Fórmula Student cos prototipos que desenvolveron ao longo do curso.

Fórmula Student é o maior evento automobilístico do mundo universitario, que reúne a equipos de estudantes de enxeñaría de todo o mundo, para

competir cos seus monoprzas en distintas categorías. Este ano, os estudantes da UPC volven percorrer Europa para competir nos circuitos dos Países Baixos, Austria, España, Alemaña, Croacia e Italia. Esta competición anual ten o obxectivo de promover a excelencia e a innovación no campo da enxeñaría e a automoción e cada ano a UPC é unha das entidades con máis equipos participantes. Este ano participan cinco equipos de distintos centros docentes.



O Ford Raptor T1+ debutou en Hungría

➔ O Ford Raptor T1+ debutou en Hungría, Nani Roma e Álex Haro pilotárono na súa estrea este mes na "Copa de Europa de Bajas".

Trala presentación oficial que tivo lugar no Festival da Velocidade de Goodwood, evento que significou o punto culminante das numerosas sesións de ensaios levadas a cabo dende primeiros de ano, chegou o debut real do novo Raptor T1+, o vehículo deseñado por M-Sport e Ford Performance para os ralís todoterreo, entre eles o Dakar. Tanto Carlos Sainz como Nani Roma, os dous pilotos que lideran deportivamente o programa de Ford nos raids, manifestaron en Goodwood a

súa satisfacción polo rendemento que ofrece a nova máquina.

O Raptor T1+ está construído sobre a base dun bastidor de aceiro T45 con paneis de carrozaría de fibra de carbono, destacando a vistosa característica frontal do Raptor e unha altura libre ao chan de 400 mm. A lonxitude do vehículo é de 4.574 mm, a anchura de 2.300 mm e a distancia entre eixos de 3.000 mm. O peso mínimo do conxunto é de 2.010 kg.

Destaca o motor Coyote V8, de 5.0 litros, 360cv e un par motor de 540 Nm a 4.250 rpm, que permite ao vehículo enfrontarse aos terreos máis complicados. A transmisión é permanente ás catro rodas con caixa de

cambios secuencial Sadev de 6 velocidades, embrague AP e diferenciais dianteiro, central e traseiro de esvaramento limitado con bloqueo mecánico.

A suspensión é independente de dobre pinza dianteira e traseira con dous amortecedores axustables Fox por roda e un percorrido de cada unha delas de

350 mm. Os montantes verticais e as pinzas inferiores son de aluminio mecanizado. Os freos dianteiros e traseiros son Alcon ventilados de 355 mm con pinzas monobloque de 6 pistóns e freo de man hidráulico. Utiliza rodas de aluminio de 8,5 x 17 polgadas e cubertas BFGoodrich.



Valencia acollerá os FIA Motorsport Games

➔ A "Carreira das Nacións" celebrárase en outubro no Circuit Ricardo Tormo, o Aspar Circuit, a Cidade das Ciencias e as estradas de Utiel-Requena

Valencia vai volver ser o escenario dun acontecemento deportivo de primeiro orde dentro do panorama do automobilismo internacional. A capital do Turia foi escollida pola Federación Internacional de Automobilismo para ser a sede dos FIA Motorsport Games. Un evento que se levará a cabo dende o 23 ao 27 de outubro e ao que acudirán preto de 1.000 participantes provenientes de

todo o mundo. Pero farano baixo unha particularidade. Porque este variado elenco de pilotos competirá defendendo aos seus respectivos países, e non a un equipo como vén sendo tradicional nas competicións do motor. Unha "Carreira das Nacións" que se disputará en diferentes modalidades, categorías e escenarios, e que contará co seu medalleiro, e mesmo cun desfile de bandeiras con todos os equipos participantes nunha espectacular posta de longo que terá como marco a Cidade das Artes e as Ciencias de Valencia.

O concepto dos FIA Motorsport Games é totalmente inédito no mundo do

automobilismo. Aínda que as motos xa teñen un longo historial baixo esta fórmula de equipos nacionais co Trial e o Motocrós das Nacións ou Seis Días Internacionais de Enduro (ISDE), trátase dunha proposta totalmente nova no mundo das catro rodas.

A orixe destes "xogos" do automobilismo remóntase a 2019 cando Stéphane Ratel, máximo dirixente de SRO Motorsports Group, creou esta competición na que os pilotos ían pasar a competir polos seus países.



compostela car
SERVICE



Estás buscando un coche especial?

Somos expertos en la venta de vehículos seminuevos **Premium.**

Prueba nuestro servicio de coche a la carta.

Llámanos 981 58 18 99






La más amplia gama de vehículos de ocasión de todas las marcas,
con la confianza y garantía de Grupo Breogán.

HÍBRIDOS SEMINUEVOS
+400 VEHÍCULOS EN STOCK
HASTA 15 AÑOS DE GARANTÍA
OFERTAS INSUPERABLES



Tu concesionario de confianza en Galicia:
A Coruña, Carballo, Narón, Lugo, Barreiros, Santiago y Vigo.

 669 847 387

 900 815 915

www.grupobreogan.com